

Manual de Indicadores e Informes USC

Graos, Másteres e Doutoramentos

**Aprobado pola Comisión de Calidade e
Planificación delegada do Consello de
Goberno o 28 de xullo de 2023**

Historial de cambios

Títulos	Versión	Modificacións	Data	Órgano
Grao e Máster	01	Versión inicial	01-10-2013	Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade
Grao e Máster	02	1ª versión	15-09-2014	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	03	2ª versión	17-02-2015	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	04	3ª versión	13-05-2016	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	05	4ª versión	21-07-2016	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	06	5ª versión	29-09-2016	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	07	6ª versión	21-10-2016	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	08	7ª versión	03-01-2017	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Doutorado	01	Versión Inicial	09-01-2018	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster	09	8ª versión	19-12-2019	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Doutorado	02	Versión 1ª	13-01-2020	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster Doutorado	10 03	9ª versión Versión 2	30-09-2020	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Grao e Máster Doutorado	11	Actualización e unificación de información	28-07-2023	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno

Altas e baixas de indicadores

Indicadores eliminados no curso 2014-2015

IN30 Ratio de estudantes por profesor a tempo completo
IN39 Eficiencia dos titulados

Indicadores novos a partir do curso 2015-2016

IN49 Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido
IN50 Taxa de éxito dos egresados
IN51 Taxa de idoneidade na graduación
IN52-S01-PM-01 Taxa de transición de estudantes de grao a máster
IN53-S01-PM-01 Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)

Indicadores eliminados no curso 2018-2019

IN11 Relación de estudantes solicitantes sobre as prazas ofertadas (Máster)
IN27 Porcentaxe de PDI avaliado con resultado satisfactorio (DOCENTIA)
IN31-PS-01 Media de alumnos por grupo de teoría (expositiva)
IN43 Porcentaxe dos titulados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando
IN44 Porcentaxe dos titulados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando en algo relacionado cos seus estudos
IN45 Tempo medio na procura do 1º emprego polos titulados que están traballando

Indicadores novos a partir do curso 2018-2019

IN55 Media de alumnos matriculados en materias obrigatorias e de formación básica por grupo de teoría (expositivas)

IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas).

Indicadores eliminados no curso 2019-2020

IN07 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis

IN17 Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados

Indicadores eliminados no curso 2022-2023

IN05 Variación de matrícula de novo ingreso por preinscripción

Contido

Historial de cambios.....	2
Altas e baixas de indicadores.....	2
1. Aspectos xerais.....	9
1.1. Servizos é órganos responsables.....	9
1.2. Nivel de información dos indicadores.....	9
1.3. Consideracións sobre Alumnado.....	10
1.4. Créditos ordinarios.....	11
1.5. Persoal Docente e Investigador.....	11
1.6. Data de cálculo e precisión dos datos.....	11
1.7. Análise e mellora.....	12
2. Indicadores e informes de grao e máster.....	13
2.1. PC-01 Perfil de ingreso e captación.....	13
IN01 Prazas ofertadas.....	13
IN02 Matrícula global.....	13
IN03 Matrícula de acceso.....	13
IN04 Matrícula de novo ingreso por preinscripción.....	13
IN06 Nota media de acceso por preinscripción.....	14
IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.....	14
IN09 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.....	14
IN10 Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas.....	14
IN12 Taxa de ocupación.....	15
IN13 Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC.....	15
IN14 Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro.....	15
IN52 Taxa de transición de estudantes de grao a máster.....	15
Informes complementarios relacionados.....	15
2.2. PC-02 Planificación das ensinanzas.....	16
IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva.....	16
IN55 Media de alumnos matriculados en materias obrigatorias e de formación básica por grupo de teoría (expositivas)(non se computa TFG/TFM, prácticas, e recoñecementos).....	16
IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas).....	16
Informes complementarios relacionados.....	16
2.3. PC-03 Apoio aos estudantes.....	17
Informes complementarios relacionados.....	17
2.4. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas.....	17
IN15 Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.....	17
IN16 Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade.....	17
IN18 Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados.....	17
IN19 Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas.....	18
IN20 Satisfacción dos tiores profesionais coas prácticas externas.....	18
IN21 Satisfacción dos tiores académicos coas prácticas externas.....	18
IN22 Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións.....	18

Informes complementarios relacionados.....	19
2.5. PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.....	19
IN34 Taxa de rendemento.....	19
IN35 Taxa de éxito.....	19
IN36 Taxa de avaliación.....	20
IN37 Taxa de graduación.....	20
IN38 Duración media dos estudos.....	20
IN40 Taxa de abandono durante o primeiro curso.....	20
IN41 Taxa de abandono RD 1393/2007.....	21
IN42 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación.....	21
IN46 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.....	21
IN47 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida.....	21
IN50 Taxa de éxito dos egresados.....	22
IN51 Taxa de idoneidade na graduación.....	22
IN53 Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados).....	22
Informes complementarios relacionados.....	22
2.6. PS-01 Xestión dos recursos humanos.....	23
IN24 Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total.....	23
IN25 Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total.....	23
IN26 Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total.....	24
IN28 Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas.....	24
IN29 Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas.....	24
IN49 Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido.....	24
Informes complementarios relacionados.....	24
2.7. PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos.....	25
IN33 Grao de satisfacción dos egresados cos servizos.....	25
Informes complementarios relacionados.....	25
2.8. PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades.....	25
IN48 Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.....	25
2.9. PS-06 Información pública.....	26
IN23 Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible.....	26
Informes complementarios relacionados.....	26
2.10. Agrupacións de indicadores.....	26
Panel de indicadores.....	26
Informe de medias.....	28
3. Indicadores e informes de doutoramento.....	29
3.1. PC-01 Perfil de ingreso e captación.....	29
ID-01 Prazas ofertadas.....	29
ID-02 Porcentaxe de Demanda.....	29
ID-03 Matrícula de novo ingreso.....	29
ID-06 Matrícula total de estudantes.....	29
ID-07 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster.....	30
ID-08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.....	30
ID-09 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso doutras universidades nacionais, fóra do SUG.....	30
ID-10 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso doutras universidades do SUG...30	
ID-11 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados.....	31

ID-12 Porcentaxe de estudantes estranxeiros do EEES.....	31
ID-22 Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso.....	31
3.2. PC-02 Planificación das ensinanzas.....	31
ID-13 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos.....	31
ID-14 Porcentaxe de estudantes a tempo completo.....	32
ID-15 Porcentaxe de estudantes a tempo parcial.....	32
ID-16 Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta.....	32
Informes complementarios relacionados.....	32
3.3. PC-03 Apoio aos estudantes.....	33
Informes complementarios relacionados.....	33
3.4. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas.....	33
ID-17 Porcentaxe de estudantes que realizan estadias de investigación (saíntes) autorizadas pola CAPD.....	33
ID-18 Porcentaxe de estudantes que realizan estadias de investigación (entrantes)	33
ID-19 Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes).....	33
ID-20 Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (saíntes).....	34
ID-21 Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...).....	34
3.5. PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.....	34
ID-31 Número de teses defendidas.....	34
ID-32 Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo.....	34
ID-33 Porcentaxe de teses realizadas a tempo parcial.....	35
ID-34 Porcentaxe de teses realizadas con dedicación mixta.....	35
ID-35 Número de teses presentadas en galego.....	35
ID-36 Número de teses presentadas en castelán.....	35
ID-37 Número de teses presentadas noutro idioma.....	35
ID-38 Duración media dos estudos a tempo completo.....	36
ID-39 Duración media dos estudos a tempo parcial.....	36
ID-40 Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga.....	36
ID-41 Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese despois de pedir a primeira prórroga.....	36
ID-42 Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese despois de pedir a segunda prórroga.....	37
ID-43 Porcentaxe de teses coa cualificación de "cum laude".....	37
ID-44 Porcentaxe de teses con mención internacional.....	37
ID-45 Porcentaxe de abandono do programa.....	37
Informes complementarios relacionados.....	38
3.6. PS-01 Xestión dos recursos humanos.....	38
ID-24 Ratio de teses defendidas en réxime de codirección.....	38
ID-25 Número total de sexenios.....	38
ID-26 Número medio de sexenios por PDI.....	38
ID-27 Porcentaxe de PDI con sexenios.....	38
ID-28 Porcentaxe de PDI con sexenios vivos.....	39
ID-29 Porcentaxe de profesorado estranxeiro sobre o profesorado total do programa	39
ID-30 Porcentaxe de expertos internacionais nos tribunais de tese.....	39

Informes complementarios relacionados.....	39
3.7. PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos.....	40
3.8. PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades.....	40
3.9. PS-06 Información pública.....	40

1. Aspectos xerais

O Manual do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da USC establece que a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional PI-06 Medición e Mellora. Este documento presenta un resumo das especificacións para a obtención dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía da Calidade da USC.

Os indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGC de cada centro e para a realización de informes de seguimento de títulos. O cálculo dos indicadores realízase para cada curso académico.

Nalgúns casos, os indicadores poden estar complementados con informes que conteñen información máis pormenorizada dos resultados das enquisas.

Ademais dos indicadores e informes recollidos neste documento, cada centro pode establecer indicadores e informes adicionais propios para o centro e os seus títulos.

1.1. Servizos é órganos responsables

Nos procedementos de explotación de indicadores están implicados, a diversos niveis, os seguintes servizos e órganos:

- Vicerreitoría con responsabilidades en calidade das titulacións (VCT)
Asume a dirección xeral do proceso e o deseño e planificación en coordinación co CDP.
- Centro de Datos e Procesos (CDP)
Asume o deseño e planificación en coordinación ca VCT e a dirección técnica do proceso; Encargase de dirixir a explotación dos resultados coa colaboración técnica da ATIC.
- Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC)
Asume a execución técnica da explotación de indicadores responsabilizándose do funcionamento e mantemento da aplicación informática de soporte.

1.2. Nivel de información dos indicadores

A información dos indicadores pode ser presentada en referencia ao título, ao centro ou á universidade. Na ficha de cada indicador pódese consultar o nivel concreto. Se o nivel de información é o de título e este se imparte en distintos centros, a Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) conterá información por separado. No caso dos títulos que se imparten en máis dun centro, os datos están separados por título e centro onde se imparte en cada sistema individual, e aparecen de forma conxunta no sistema nomeado Intercampus.

É preciso ter en conta que, á marxe de que se faga a reflexión sobre os resultados das distintas especialidades que se ofertan ou dos distintos centros nos que se imparte, o

proceso de seguimento lévase a cabo de forma global sobre o título que figura inscrito no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

1.3. Consideracións sobre Alumnado

Este apartado recolle diferentes consideracións sobre os cálculos relativos a alumnado nos distintos indicadores.

Alumnado de mobilidade

Nos indicadores que fan referencia a matrícula (matrícula, matrícula de acceso, novo ingreso por preinscrición, etc.) non se inclúe o alumnado que veña doutra universidade ou institución de educación superior cun programa de mobilidade (incoming). Estes indicadores si teñen en conta o alumnado USC que nalgún momento do curso académico estuda fóra da universidade como beneficiario dun programa de mobilidade (outgoing).

Matrícula de acceso

A matrícula de acceso fai referencia ao alumnado que se matricula por primeira vez no título nese curso académico (inclúe ao alumnado que procede doutro título, ao que adapta o seu expediente desde titulacións en extinción, ao alumnado que traslada o seu expediente desde outra universidade ou que accede por validación parcial de estudos estranxeiros).

Cohorte de novo ingreso

Na USC, a efectos do cálculo dos indicadores do SGC, defínese a cohorte de novo ingreso como unha parte do alumnado de novo ingreso que ten que realizar a meirande parte dos créditos necesarios para obter a titulación, é dicir, que o número total de créditos recoñecidos é reducido. A limitación do número de créditos recoñecidos empregada é distinta para grao e máster. Para os graos, forman parte da cohorte os alumnos que teñan menos de 30 créditos recoñecidos, agás os que procedan de Formación Profesional que se permitirá que teñan ata 36 créditos recoñecidos (<36). No suposto de titulacións de máster, o número de créditos recoñecidos (tanto totais coma no curso) debe ser menor que 10.

Alumnado de novo ingreso por preinscrición

Inclúese nesta categoría ao alumnado que se matricula no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, excluindo polo tanto a estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptación desde plans en extinción. Achega información sobre a captación de alumnado e o seu perfil de ingreso.

Alumnado egresado e alumnado titulado

Considérase que o alumnado é egresado ou rematou os seus estudos cando ten os créditos necesarios superados para facer a solicitude do título independentemente de que

non a teña feito. É dicir, ten os créditos necesarios superados para obter o título. Considérase que o alumnado se titulou cando solicitou o seu título formalmente.

1.4. Créditos ordinarios

Nos resultados dos indicadores non se inclúen créditos recoñecidos nin transferidos.

1.5. Persoal Docente e Investigador

No cálculo do PDI engóbase ao persoal funcionario e contratado para tarefas docentes. A información correspondente á vinculación do profesorado ao título extráese da base de datos de recursos humanos (sexenios, doutores, réxime xurídico) ten como data de referencia o 31 de decembro do ano x para o curso académico $x / (x+1)$ (exemplo: ano 2020 para o curso 2020/2021).

En xeral, para o cálculo dos indicadores relacionados con PDI empréganse as categorías LOSU que teñen docencia no título. Isto implica que se exclúen o persoal bolseiro, profesorado externo, etc.

Por outra parte, para o cálculo do indicador relacionado con sexenios, só se teñen en conta as categorías que poden ter sexenios recoñecidos: Catedrático de Universidade, Catedrático de Escola Universitaria, Titular de Universidade, Titular de Escola Universitaria e Profesorado Contratado Doutor.

Programas de formación de PDI e PAS

Os datos do programa de formación do PAS son por ano natural polo que se ofrece para o ano de comezo do curso académico, é dicir, ano x para o curso académico $x/(x+1)$. Os datos do programa de formación do PDI son por curso académico e ofreceranse os do curso anterior xa que no momento de realización do informe anual de seguimento pode non estar dispoñible o do curso de interese.

1.6. Data de cálculo e precisión dos datos

Para realizar a explotación dos indicadores é preciso ter en conta as datas de peche de actas aprobadas en Consello de Goberno, así como os períodos de matrícula, modificacións de matrícula, anulacións, peche do POD, etc. A VCT, en coordinación co CDP, determinarán as datas concretas nas que estarán dispoñibles os resultados dos indicadores.

En xeral, os indicadores deberán estar dispoñibles a finais do mes de outubro. Salvo indicación expresa, os indicadores determinaranse con 2 decimais de precisión. Como normal xeral, a evolución de cursos dispoñibles entenderase referida a duración do período de renovación da acreditación dos SGC (6 cursos; ano de explotación máis os 5 cursos anteriores).

1.7. Análise e mellora

Ao fin de cada curso académico, a VCT e o CDP analizarán as suxestións recibidas co fin de identificar propostas de mellora para os seguintes cursos.

A Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno é o órgano responsable da aprobación dos paneis de indicadores contidos neste documento.

2. Indicadores e informes de grao e máster

Neste apartado presentase a definición, a forma de cálculo e a presentación do conxunto de indicadores do SGC da USC (nalgúns casos esta información vai complementada con aspectos relativos á forma de cálculo). Estes indicadores preséntanse agrupados polo procedemento do SGC co que están relacionados. Inclúese, en cada apartado do SGC, os informes complementarios dispoñibles (os informes referidos a enquisas presentan a evolución temporal da media das preguntas que forman a enquisa segundo se especifica na documento "Enquisas USC a Grupos de Interese").

2.1. PC-01 Perfil de ingreso e captación

IN01 Prazas ofertadas

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN01 Prazas ofertadas	TÍTULO
Definición	Número de prazas ofertadas para cada curso académico	
Cálculo	Dato directo extraído da oferta aprobada para cada curso académico	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN02 Matrícula global

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN02 Matrícula global	TÍTULO
Definición	Número de estudantes matriculados en todos os cursos dun título nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming	
Cálculo	Dato directo, extraído da ferramenta informática de xestión de matrícula	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e información desagregada por sexo	

IN03 Matrícula de acceso

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN03 Matrícula de acceso	TÍTULO
Definición	Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez; Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción	
Cálculo	Dato directo, extraído da ferramenta informática de xestión de matrícula	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles, distribución da matrícula segundo os diferentes tipos de acceso e información desagregada por acceso	
NOTA: Consultar as consideracións previas sobre a matrícula de acceso		

IN04 Matrícula de novo ingreso por preinscripción

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN04 Matrícula de novo ingreso por preinscripción	TÍTULO
Definición	Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción	
Cálculo	Dato directo, extraído da ferramenta informática de xestión de matrícula	

Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e información desagregada por sexo
NOTA: Consultar as consideracións previas sobre a matrícula de novo ingreso por preinscrición	

IN06 Nota media de acceso por preinscrición

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN06 Nota media de acceso por preinscrición	TÍTULO
Definición	Nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos	
Cálculo	Suma das notas de acceso dos estudantes que realizaron a preinscrición para ese título, dividido entre o número de estudantes que se matricularon no título	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	TÍTULO
Definición	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes estranxeiros matriculados} / \text{Número de estudantes matriculados})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación dos datos por sexo	
NOTA: Emprégase como información de nacionalidade a que teña consignada o alumnado nos seus datos persoais		

IN09 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN09 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	TÍTULO
Definición	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes nacionais de fóra de Galicia matriculados} / \text{Número de estudantes matriculados})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e con desagregación dos datos por sexo	
NOTA: Emprégase como información a nacionalidade e o enderezo permanente que teña consignado o alumnado nos seus datos persoais		

IN10 Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN10 Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	TÍTULO (GRAO)
Definición	Número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas ofertadas	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes matriculados preinscritos en 1ª opción} / \text{Número de prazas ofertadas})$	

Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles
--------------	----------------------------------

IN12 Taxa de ocupación

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN12 Taxa de ocupación	TÍTULO
Definición	Número de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas	
Cálculo	100 x (Número de estudantes de novo ingreso por preinscripción / Número de prazas ofertadas)	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e datos desagregados por sexo	
NOTA: Consultar as consideracións previas sobre a matrícula de novo ingreso por preinscripción		

IN13 Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN13 Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC	TÍTULO (MÁSTER)
Definición	Número de estudantes matriculados no máster que son egresados da USC	
Cálculo	100 x (Número de estudantes matriculados no máster que son egresados USC / Número de estudantes matriculados no máster)	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e datos desagregados por sexo	

IN14 Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN14 Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	CENTRO
Definición	Relación entre o número de estudantes matriculados en másteres que se imparten nun centro e o número de egresados dese centro	
Cálculo	100 x (Número de estudantes matriculados en estudos de máster no centro / Número de estudantes egresados do centro)	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN52 Taxa de transición de estudantes de grao a máster

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN52 Taxa de transición de estudantes de grao a máster	USC
Definición	Porcentaxe de alumnado que, ao rematar un grao da USC, comeza un máster da USC no curso inmediatamente posterior ao da finalización do grao	
Cálculo	100 x (Número de estudantes do denominador que se matricularon nun máster no curso x / Número de estudantes egresados no curso x-1)	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo	

Informes complementarios relacionados

ING.CIUG: Informe da oferta/demanda das prazas de novo ingreso (nivel título)

I2: Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (nivel título; máster)

INF.16: Informe de procedencia xeográfica dos/as estudantes (nivel título)

2.2. PC-02 Planificación das ensinanzas

IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	TÍTULO
Definición	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes matriculados en materias con grupos prácticos} / \text{Número de grupos prácticos desas materias})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregado en grupos clínicos, grupos de laboratorio e grupos de seminario	

IN55 Media de alumnos matriculados en materias obrigatorias e de formación básica por grupo de teoría (expositivas)(non se computa TFG/TFM, prácticas, e recoñecementos)

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN55 Media de alumnos matriculados en materias obrigatorias e de formación básica por grupo de teoría (expositivas)(non se computa TFG/TFM, prácticas, e recoñecementos)	TÍTULO
Definición	Relación entre o número de alumnos matriculados en materias obrigatorias materias de formación básica e o número de grupos de teoría desas materias	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes matriculados en materias obrigatorias con grupos expositivos} / \text{Número de grupos expositivos desas materias})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)	TÍTULO
Definición	Relación entre o número de alumnos matriculados en materias optativas e o número de grupos de teoría desas materias	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes matriculados en materias optativas con grupos expositivos} / \text{Número de grupos expositivos desas materias})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

Informes complementarios relacionados

INF.22: Informe da enquisa da satisfacción do alumnado coa titulación (nivel título)

INF.23: Informe da enquisa da satisfacción do profesorado coa titulación (nivel título)

2.3. PC-03 Apoio aos estudantes

Informes complementarios relacionados

INF.13: Informe da enquisa da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (nivel título)

INF.22: Informe da enquisa da satisfacción do alumnado coa titulación (nivel título)

INF.23: Informe da enquisa da satisfacción do profesorado coa titulación (nivel título)

2.4. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

IN15 Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN15 Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	TÍTULO
Definición	Valoración da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade. Achega información sobre a xestión dos programas de mobilidade para ese título.	
Cálculo	Valoración media da enquisa "Satisfacción de Alumnado coa Mobilidade Saínte"	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN16 Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade

	Código e Nome	Nivel de Información
	ININ16 Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	CENTRO
Definición	Valoración da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade. Achega información sobre a xestión dos programas de mobilidade para ese centro.	
Cálculo	Valoración media da enquisa "Encuesta de Satisfacción de Fin de Estancia; Cuestionario para el/la Estudiante"	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN18 Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados

	Código e Nome	Nivel de Información
	ININ18 Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	TÍTULO
Definición	Número de estudantes recibidos na USC nesa titulación procedentes doutras universidades (programas de mobilidade) dividido entre o número de estudantes matriculados no título. Permite coñecer a participación de estudantes en programas	

	de mobilidade
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes recibidos pola USC} / \text{Número de estudantes matriculados})$
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo

IN19 Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN19 Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	TÍTULO
Definición	Valoración da enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.	
Cálculo	Valoración media da enquisa "Cuestionario para o/a Estudiante sobre Prácticas Externas"	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN20 Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN20 Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	TÍTULO
Definición	Valoración da enquisa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.	
Cálculo	Valoración media da enquisa "Cuestionario para o/a Titor/a Profesional sobre Prácticas Externas"	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN21 Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN21 Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas	TÍTULO
Definición	Valoración da enquisa de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.	
Cálculo	Valoración media da enquisa "Cuestionario para o/a Titor/a Académico/a sobre Prácticas Externas"	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN22 Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN22 Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre os egresados dun título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados nese título e nese mesmo curso académico	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes egresados que fixeron prácticas durante os seus estudos} / \text{Número total de estudantes egresados})$	

	estudos / Número de estudantes egresados)
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo

Informes complementarios relacionados

INF.03: Informe de procedencia/destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade (nivel título)

INF.04: Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (nivel título)

INF.05: Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (nivel centro)

INF.06: Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (nivel título)

INF.07: Informe da enquisa de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas (nivel título)

INF.08: Informe da enquisa de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas (nivel título)

INF.15: Informe de cualificacións das materias do plan de estudos (nivel título)

INF.17: Informe da taxa de éxito das materias do plan de estudos (nivel título)

INF.18: Informe da taxa de rendemento das materias do plan de estudos (nivel título)

INF.19: Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos (nivel título)

2.5. PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

IN34 Taxa de rendemento

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN34 Taxa de rendemento	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon; Aмоса información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de créditos ordinarios superados} / \text{Número de créditos ordinarios matriculados})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles. Para as titulacións de grao a información aparece desagregada por cursos (1º, 2º, 3º, 4º; 5º e 6º de ser o caso)	

IN35 Taxa de éxito

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN35 Taxa de éxito	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron; Aмоса información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa	

	actividade académica
Cálculo	$100 \times (\text{Número de créditos ordinarios superados} / \text{Número de créditos ordinarios presentados})$
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles. Para as titulacións de grao a información aparece desagregada por cursos (1º, 2º, 3º, 4º; 5º e 6º de ser o caso)

IN36 Taxa de avaliación

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN36 Taxa de avaliación	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados; Aмосa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de créditos ordinarios presentados} / \text{Número de créditos ordinarios matriculados})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles. Para as titulacións de grao a información aparece desagregada por cursos (1º, 2º, 3º, 4º; 5º e 6º de ser o caso)	

IN37 Taxa de graduación

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN37 Taxa de graduación	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso; Aмосa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes do denominador que remataron estudos no curso } x+n-1 \text{ ou } x+n / \text{Número de estudantes da cohorte de novo ingreso no curso } x)$ sendo n o número de anos que dura o estudo	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo	

IN38 Duración media dos estudos

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN38 Duración media dos estudos	TÍTULO
Definición	Duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos; Aмосa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica	
Cálculo	$100 \times (\text{Número de anos que tardaron en rematar os estudos os estudantes do denominador} / \text{Número de estudantes egresados})$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo.	

IN40 Taxa de abandono durante o primeiro curso

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN40 Taxa de abandono durante o primeiro curso	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X; Aмосa información sobre o grao de non continuidade dos estudantes	

	en cursos superiores
Cálculo	$100 \times (\text{Número de estudantes do denominador non matriculados nos cursos } x+1 \text{ e } x+2 / \text{Número de estudantes da cohorte de novo ingreso no curso } x)$
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo
NOTA: Consultar as aclaracións previas sobre a cohorte de novo ingreso	

IN41 Taxa de abandono RD 1393/2007

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN41 Taxa de abandono RD 1393/2007	TÍTULO
Definición	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior; Aмосa información sobre o grao de non continuidade dos estudantes en cursos superiores	
Cálculo Graos	$100 \times (\text{Número de estudantes do denominador non titulados e non matriculados nos cursos } x+n-1 \text{ e } x+n / \text{Número de estudantes da cohorte de novo ingreso do curso } x)$ sendo n o número de anos que dura o estudo e x o ano de inicio do curso académico	
Cálculo Máster 60 ECTS	$100 \times (\text{Número de estudantes do denominador non titulados e non matriculados no curso } x+1 / \text{Número de estudantes da cohorte de novo ingreso do curso } x)$	
Cálculo Máster 120 ECTS	$100 \times (\text{Número de estudantes do denominador non titulados e non matriculados no curso } x+1 \text{ e } x+2 / \text{Número de estudantes da cohorte de novo ingreso do curso } x)$	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles e desagregación por sexo	

IN42 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN42 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	TÍTULO
Definición	Valoración das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados; Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a planificación e desenvolvemento do título.	
Cálculo	Valoración media da enquisa "Satisfacción dos/as Egresados/as"	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN46 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN46 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	TÍTULO
Definición	Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida; Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben	
Cálculo	Media ponderada das valoracións de todas as preguntas que compoñen a enquisa de satisfacción	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN47 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

	Código e Nome	Nivel de Información
--	---------------	----------------------

	IN47 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	TÍTULO
Definición	Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida; Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten	
Cálculo	Media ponderada das valoracións de todas as preguntas que compoñen a enquisa de satisfacción	
Presentación	Evolución dos cursos dispoñibles	

IN50 Taxa de éxito dos egresados

	Código e Nome	Nivel de Información
	IN50 Taxa de éxito dos egresados	TÍTULO
